Malus domestica Borkh., 1803

- maceira, ma(n)ciñeira, macira, mazaira, pomar
- manzano
- sagar, sagarrarbola
- pomera
- apple tree
- macieira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Malus***

ORIXE

Sur do Cáucaso.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de ata 12 m de altura. Copa aberta e arredondada con numerosas pólas que medran case horizontalmente. Tronco con codia gretada. Follas de 3-7 x 2-5 cm, con pecíolos de 1-3 cm, elípticas e pubescentes no envés. Inflorescencia umbeliforme ou corimbiforme con 4-8 flores hermafroditas en pedicelos de ata 2,5 cm de longo. Sépalos de aproximadamente 1 cm de longo, tomentosos. Pétalos de ata 3 cm de longo, redondeados, brancos ou lixeiramente rosados. O froito é un pomo globoso de ata 10 cm de diámetro. Sementes de 7-8 mm de longo, alongadas e puntiagudas. Florece na primavera e o froito madura cara ao outono.

HÁBITAT

Cultivada e naturalizada en bosques e arborados climatófilos, sebes, etc. Necesita frío invernal, así como humidade suficiente para a súa correcta produción. Dende o nivel do mar ata os 1200 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

É unha especie domesticada, que agora se cultiva intensamente na China, nos Estados Unidos, Rusia e Europa (especialmente en Italia e Francia).

CURIOSIDADES

As mazás teñen propiedades astrinxentes. Ao comerse sen pelar fortalecen as enxivas e os dentes.